

PROFESORADO/covid-19 (de *Plan COVID-19 do IES Luís Seoane*)

-INSISTIR e VIXIAR o uso adecuado da máscara, a distancia de seguridade, o lavado ou hixienización de mans e a ventilación.

Todo o profesorado está obrigado a facer a enquisa de autoavaliación clínica da covid-19, cada día e antes de vir ao centro. Se presenta algún síntoma, debe contactar inmediatamente co seu centro de saúde e chamar ao instituto.

1.- O alumnado entra **directamente** para a súa aula: á **zona azul**, norte, polas escaleiras da cafetería; á **zona rosa**, sur, polas escaleiras centrais. Sempre se circula **pola dereita** e **sen pararse** nos corredores. **PLANOS INSTITUTO: zona rosa/zona azul**

O profesorado estará nas aulas **desde as 08:50h** (e tamén o de **garda** no seu posto) e velará pola correcta saída ou entrada (por exemplo, nos cambios de aula). Non se sae ao corredor entre clase e clase.

Ás 14:20h sairá o alumnado de **BACHARELATO** e de **2º FPBÁSICA** acompañados do profesorado.

O da ESO e 1º FPBÁSICA sairá ás 14:30h

2.- O alumnado **hixienizará o seu posto** na aula ao entrar a **1ª hora** da mañá e a **1ª hora** da tarde; se se despraza a outra que non é a habitual, fará o mesmo, sempre ao entrar.

3.- O alumnado sempre sentará **no mesmo lugar**, tanto nas aulas como no **autobús** escolar. As súas **cadeiras** deben estar situadas nas **marcas** correspondentes que existen no chan (en azul e rosa). Os titores/as porán un plano na mesa do profe coa colocación (con nomes e apelidos).

4.- O uso do **ascensor** será individual e limitado a casos excepcionais. O alumnado deberá pedir permiso de utilización.

5.- Só o profesorado **manipulará** portas, xanelas, interruptores...na aula.

6.- As xanelas abranse con frecuencia e polo menos en cada cambio de clase. Esta información reflectirase na táboa **REXISTRO DE VENTILACIÓN semanal** que estará na mesa de profe de cada aula. **FOLLA REXISTRO DE VENTILACIÓN**

O profesorado das últimas horas ventilará polo menos 10 min antes de marchar.

7.- Se un alumno/a se pon malo durante a clase, **enviará o delegado/a para que vaia buscar** un profe de garda ou un conserxe, que levarán o alumno/ ao **Espazo Covid**. Tamén pode chamar por teléfono a Conserxería (986 85 77 00). **FOLLA REXISTRO ESPAZO COVID**

6.- Os **recreos** serán **escalonados**. As **gardas** durante estes períodos son:

- De 10:40h a 11:10h para 3º ESO, 4º ESO, 1º FPB
- De 11:30h a 12:00h para 1º ESO, 1º BACHARELATO, 2º BACHARELATO, 2º FPB
- De 12:20h a 12:50h para 2º ESO

7.- Limitarase ao máximo a entrega e manipulación de **fotocopias**. Este servizo, que se ofrece desde Conserxería, non estará operativo de 08:30h a 10:00h nin durante os recreos. Pola tarde o mesmo, de 16:00 a 17:00h

8.- O profesorado de garda viviará o acceso aos **baños** (1/3 da capacidade). Salvo casos excepcionais, non está permitido ir ao baño durante as clases.

9.- Na **cafetería** rexen as mesmas normas que nos establecementos de hostalería da cidade a día de hoxe. O responsable do bo uso é o encargado dela (Marcos), e informará a Xefatura de Estudos se algún alumno/a incumpre as normas:

- Entrarase e sairase en ringleira, sempre pola nosa dereita, gardando a distancia de seguridade.
- Non está permitido consumir na barra, só nas mesas e en grupos de 5 persoas como máximo.
- Non se serven comidas a mediodía, en principio.
- Procurarase encargar o bocadillo con antelación.

10.- O alumnado que desexe permanecer na biblioteca para estudar, agardará na porta gardando a distancia de seguridade, até que a encargada lle asigne un lugar. O alumnado debe hixienizar o seu posto antes de sentar.

Se se necesita un libro da biblioteca solicitarase á persoa encargada, quen o buscará e o entregará *a posteriori*. A duración dos préstamos (até catro libros/películas) é de quince días.

No caso dos “libros de lectura obrigatorios”, solicítase que sexa o profesorado o que realice a xestión anterior e efectúe el o reparto levando o control de morosidade.

Os carnés de biblioteca entregaranse individualmente, na clase, a todo o alumnado de 1º ESO novo, á maior brevidade posible.

Non está permitido comer na biblioteca.; e beber, só auga.

11.- Non se pode **deixar ningún material** nas aulas.

12.- No **Plan COVID do IES Luís Seoane** detállanse as medidas correctoras que se aplicarán ao alumnado en relación co incumprimento dos aspectos relacionados coa pandemia. **Todo o** profesorado, ao mesmo tempo que é responsable de lembrar as medidas de seguridade e hixiene ao alumnado, tamén o será de facelas cumprir.

- Se un alumno ou alumna acode ao centro sen máscara, ou con unha máscara en malas condicións de hixiene e seguridade, mal colocada, ou sen a máscara de reposto, a primeira vez proporcionaráselle unha do material do centro, quedando rexistrados en Conserxería os seus datos, e o Equipo COVID ou Titoría avisará a familia. A segunda vez, previo aviso a Titoría e familias, privaráselle do dereito de asistencia ao centro durante un período de entre 1 e 3 días.

- Se un alumno ou alumna incumpre algunha outra medida das contidas neste protocolo, ou impide que un compañeiro ou compañeira as cumpra, recibirá unha advertencia a primeira vez; e á segunda, aplicaráselle a mesma do punto anterior.

- Se a falta está relacionada co feito de tirar a máscara propia, ou dun compañeiro ao chan, ou negarse a cumprir calquera das directrices previstas no *Plan Covid do IES Luís Seoane*, directamente se sancionará coa privación do dereito de asistencia á clase entre 1 e 3 días.

13.- Na **carpeta COVID-19**, no “Escritorio” dos **ordenadores da sala de profes** estarán todos os documentos, protocolos e instrucións relativas ás enfermidade **covid19**. Tamén estarán na **páxina web**. É **obriga** de todos e de todas lelos conscientemente por se tedes algunha **suxestión** que facernos.